



Secretaría (cpc)

Expte.: 1752/2021

Procedemento Disposicións Normativas (Aprobación, Modificación ou Derrogación)

Código SIA 1566510

Trámite Certificado.

D.^a Consuelo de la Peña Costoya secretaria accidental do Concello de Poio,

CERTIFICO:

Que o texto correspondente ao Regulamento de Participación Cidadá aprobado inicialmente por acordo 5036 adoptado polo Pleno na sesión ordinaria realizada o 26 de xullo de 2022 é o seguinte:

“PREÁMBULO

CAPÍTULO I. DEREITOS DE PARTICIPACIÓN DOS CIDADÁNS E CIDADÁS

Artigo 1. Dereito á participación.

Todas as persoas teñen dereito a intervir na xestión dos asuntos públicos locais directamente ou mediante asociacións cidadás utilizando os órganos e canles de participación establecidos nas leis e neste regulamento.

Artigo 2. Dereito á información.

1. Todas as persoas teñen dereito a recibir información das actividades e servizos municipais, acceder aos arquivos públicos municipais e utilizar todos os medios de información xeral establecidos polo Concello.

2. O Concello facilitará o exercicio deste dereito e creará as canles de información xeral para atender as peticións de información que poida facer calquera persoa coas únicas limitacións prescritas pola lexislación aplicable vixente en cada momento.

3. Cando circunstancias de interese público o aconsellen e previa conformidade do órgano municipal competente, remitiranse ás asociación e entidades inscritas no Rexistro municipal que teñan autorizado o tratamento para tal fin dos seus datos, os acordos e disposicións municipais, sen prexuízo da preceptiva publicación nos Boletíns Oficiais.

Artigo 3. Dereito de petición

Concello de Poio





1. Todas as persoas teñen dereito a facer peticións ou solicitudes ao goberno municipal en materias da súa competencia ou pedir aclaracións sobre as actuacións municipais, sen máis limitacións que as establecidas polas leis, mediante a presentación de solicitude no Rexistro Electrónico Xeral o a Oficina de Atención Cidadá. As peticións realizadas colectivamente deberán permitir a acreditación da identificación das persoas peticionarias nos termos establecidos na normativa sobre procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

2. O Concello acusará recibo da petición no prazo máximo de 10 días e admitirá a trámite, a non ser que concorran algunha das causas seguintes:

- a) A insuficiencia da acreditación da persoa peticionaria ou peticionarias;
- b) O obxecto de petición non é competencia do Concello;
- c) A petición ten un trámite administrativo específico.

No primeiro caso darase un prazo de 10 días para emendar a carencia de acreditación, transcorrido o cal se entenderá desistido o procedemento. A inadmisión por calquera outra causa será obxecto de resolución motivada no prazo de 10 días, a contar a partir do seguinte á data de presentación da petición.

3. Se é admitida a trámite, o Concello deberá responder a persoa peticionaria nun prazo máximo dun mes informando, se procede, das medidas que se tomaron para o efecto ou das actuacións que se previron adoptar. De resultar de preferente aplicación polo obxecto da petición cursada a normativa vixente sobre acceso á información pública, o concello deberá dar resposta expresa á solicitude no mesmo prazo.

Artigo 4. Dereito de audiencia.

1. Todas as persoas teñen dereito a ser oídas na tramitación dos procedementos ou na realización de actuacións municipais nos que se manifieste un dereito ou interese lexítimo.

2. Con independencia da posibilidade de acceder á tramitación dos expedientes administrativos, de conformidade co establecido pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, este dereito pódese exercer mediante convocatoria municipal a iniciativa do Concello ou en base a unha proposta cidadá para tratar temas de interese cidadán, de acordo co regulado no artigo 19 deste Regulamento.

Artigo 5. Dereito á iniciativa cidadá.

1. A iniciativa cidadá permite a calquera persoa promover accións ou actividades municipais, tales como:





a) O dereito para propoñer a aprobación de proxectos ou regulamentos nos ámbitos competenciais propios.

b) O dereito para propoñer asuntos para a súa inclusión na orde do día do Pleno municipal.

c) O dereito para solicitar ao Concello que faga determinada actividade de interese público municipal comprometéndose as persoas solicitantes a achegar medios económicos, bens, dereitos ou traballo persoal.

2. Para formular a iniciativa cidadá sobre propostas de aprobación de proxectos ou regulamentos será de aplicación o artigo 70 bis) apartado 2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e tramitarase de acordo co establecido polo Regulamento Orgánico municipal. En ningún caso poderán ser obxecto desta iniciativa normas reguladoras de tributos ou prezos públicos. O Concello facilitará un modelo para a súa presentación onde deberá indicarse claramente a proposta e, se fose posible, os motivos que a xustifican ou aconsellan.

3. Para efectuar propostas sobre asuntos que deban incluírse na orde do día do Pleno e que non se refiran á iniciativa prevista no apartado anterior, estarase ao procedemento establecido no Regulamento Orgánico Municipal para as intervencións da cidadanía, mediante a presentación de solicitude no rexistro xeral do Concello dirixido á Alcaldía, cunha antelación mínima dun día á data de celebración de cada pleno ordinario, podendo ser inadmitidas mediante resolución motivada da Alcaldía aquelas iniciativas alleas ao ámbito de competencia do Pleno, aquelas cuxo contido atente contra a institución ou calquera dos cargos ou persoal público da mesma ou de terceiros, as que traten sobre asuntos de réxime interno do Concello, ou teñan por obxecto asuntos de índole individual.

4. A solicitude para que o Concello realice determinada actividade de interese público municipal poderase formular por calquera cidadán ou cidadá ou grupos de cidadáns e cidadás mediante escrito que indique claramente que actuación se pide e que medios económicos e/ou persoais pensan achegar as persoas peticionarias para colaborar na súa realización. No caso de persoas menores de 16 anos, representantes legais deberán validar a petición. O escrito ten que conter o nome e apelido da persoa asinante, o domicilio, o DNI e a súa firma. O órgano municipal competente comunicará á persoa peticionaria, nun prazo máximo de 45 días, se é admitida a súa solicitude indicando, en caso afirmativo, que actuacións ou medidas se tomarán.

Artigo 6. Dereito a presentar queixas, reclamacións e suxestións.

Concello de Poio





1. Todas as persoas teñen dereito a presentar queixas, reclamacións e suxestións respecto da actividade municipal e dos servizos públicos locais, sen prexuízo do seu dereito para interpoñer os recursos administrativos ou xurisdicionais pertinentes. Os medios de presentación de queixas, reclamacións e suxestións serán os establecidos no artigo 3 deste regulamento.

Artigo 7. Dereito de intervención nas sesións públicas municipais.

1. Todas as persoas teñen dereito a intervir nas sesións públicas do Pleno que sexan de carácter ordinario, de acordo coas prescricións establecidas no artigo 20 do Regulamento Orgánico Municipal:

- Cidadáns e cidadás, e as asociacións en que se integren, poderán solicitar da Alcaldía autorización para expoñer oralmente asuntos do seu interese non incluídos na orde do día perante o Pleno da Corporación inmediatamente antes da apertura de cada sesión ordinaria que se celebre. As exposicións non darán lugar a debate nin á toma de posición dos Grupos Municipais. Só se admitirán dúas intervencións en cada pleno, cunha duración máxima de 5 minutos cada unha.

- A participación de cidadáns e cidadás, colectivos ou asociacións nos que se integren poderán solicitar igualmente da Presidencia autorización para expoñer oralmente o seu parecer perante o Pleno da Corporación nos asuntos incluídos na orde do día na súa condición de interesados/as ou, de xeito motivado, afectados/as polo acordo que poida ser adoptado. Neste caso a intervención levarase a cabo antes do inicio do debate por un tempo máximo de cinco minutos.

- A solicitude cursarase por escrito presentado no rexistro xeral do Concello dirixido á Alcaldía, cunha antelación mínima dun día á data de celebración de cada pleno ordinario, no que se incluírá unha exposición do asunto e a indicación dos datos identificativos da persoa que se dirixirá ao Pleno, así como a data da sesión ordinaria a que queiran concorrer. No caso no que o/a cidadán ou cidadá, colectivo ou asociación non goce da condición de persoa interesada nos termos da lexislación sobre procedemento administrativo común, deberá motivar de xeito xustificativo na súa solicitude os termos nos que o asunto poida afectarlle.

- As solicitudes serán autorizadas por orde estrito de entrada no Rexistro. Poderanse inadmitir, de forma motivada, aquelas que incumpran os requisitos formais, aquelas cuxo contido atente contra a institución ou calquera dos cargos ou persoal público da mesma ou de terceiros, aquelas que traten





sobre asuntos de réxime interno do Concello, ou aquelas que teñan por obxecto asuntos de índole individual.

- Durante a exposición, á persoa poñente poderalle ser retirado o uso da palabra pola Presidencia cando profira palabras ou verta conceptos ofensivos contra o decoro da Corporación ou das súas persoas membros, das Institucións Públicas ou de calquera outra persoa ou entidade.

Artigo 8. Dereito á consulta popular ou referendo.

1. Todos os cidadáns e cidadás inscritas no Censo electoral teñen dereito a ser consultadas directamente sobre asuntos do seu interese, así como a promover a consulta popular ou referendo de acordo co artigo 70 bis da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local.

2. A consulta popular ou referendo non poderá afectar a asuntos relativos á Facenda Local e terase que referir a ámbitos da competencia municipal e de carácter local que sexan de especial relevancia para os intereses da veciñanza. Dentro de una mesma consulta poderase incluír máis dunha pregunta.

3. Para acordar a súa realización será necesario o acordo maioritario do Pleno municipal e tramitar a correspondente petición ao órgano competente do Estado.

4. Non se poderán facer, cada ano, máis de dúas consultas das indicadas neste artigo e non se poderá reiterar una mesma consulta dentro do mesmo mandato.

Artigo 9. Dereito a unha política municipal de fomento das asociacións.

Todas as persoas teñen dereito a que o Concello impulse políticas de fomento das asociacións a fin de reforzar o tecido social do municipio e para o desenvolvemento de iniciativas de interese xeral. O Concello elaborará un Plan específico de fomento e mellora do asociacionismo.

Artigo 10. Dereito ao acceso e utilización das tecnoloxías da información e comunicación. O Concello promoverá o acceso a estes medios favorecendo, na medida das súas posibilidades e no marco da cooperación técnica e económica con outros administracións e operadores, a conexión aos fogares e facilitando puntos públicos de acceso mediante a rede de equipamentos e oficinas municipais.

Artigo 11. Dereito de reunión.

Todas as persoas teñen dereito a usar os locais, equipamentos e espazos públicos municipais para exercer o dereito de reunión sen máis condicionantes que os derivados das características do espazo e as ordenanzas municipais, así como





do cumprimento dos requisitos esixidos cando se trate de reunións en lugares de tránsito público ou manifestacións, de acordo coa Lei Orgánica 9/1983 Reguladora do Dereito de Reunión.

Artigo 12. Promoción efectiva dos dereitos de participación.

1. O Concello promoverá o exercicio efectivo dos dereitos de participación que se regulan neste capítulo, eliminando os obstáculos que impidan a súa plenitude.

2. De acordo con este regulamento, os dereitos de participación, a excepción do de consulta popular ou referendo, pódense exercer por calquera persoa que teña un interese lexítimo respecto dos asuntos que teñen que ver coa actividade do Concello. O dereito de consulta popular ou referendo só poderán exercitalo as persoas rexistradas no Censo Electoral que non estean privadas do dereito de sufraxio.

3. No marco establecido polas leis, o Concello fomentará o asociacionismo das persoas e dos grupos que se atopan en peor situación de interlocución social e promoverá a participación das persoas migrantes.

CAPÍTULO II. A ORGANIZACIÓN MUNICIPAL

Sección Primeira. Sistemas de Información, Atención e Comunicación

Artigo 13.- Dotación de medios técnicos e económicos

O concello asume o compromiso de promover a dotación de medios técnicos e económicos que permitan a progresiva implantación dos sistemas de Información, Atención e Comunicación previstos na presente Sección.

Artigo 14. A Oficina de Atención Cidadá

1. É concibida como un nivel primario da información municipal que atende as peticións e consultas da cidadanía desde o punto de vista presencial, de atención telefónica ou telemática. Neste sentido dotarase dos medios tecnolóxicos, organización, coordinación interna e formación e reciclaxe do persoal municipal adecuados para garantir unha resposta áxil e eficaz á cidadanía. A Oficina ten a función de Rexistro de peticións, queixas, suxestións, iniciativas e propostas, así como a realización dos trámites administrativos que se determinen. Poderá recoller os escritos dirixidos a outras administracións trasladándoos aos órganos competentes, comunicándoo á persoa interesada.





2. As tarefas desta Oficina, que poderá adoptar a denominación que aprobe o Concello, poderán ser asignadas a unha unidade orgánica de acordo coa estrutura organizativa da Administración municipal.

Artigo 15. Os medios de comunicación locais.

1. O Concello promoverá publicacións impresas e/ou dixitais e propiciará o acceso ás mesmas da cidadanía e asociacións rexistradas no Rexistro Municipal. Para facilitar o uso dos medios de comunicación municipais estableceranse canles e prazos, segundo as características do medio e o interese manifestado. Procurarase especialmente dar a coñecer os proxectos e actuacións de interese municipal, os períodos de información pública e a axenda de actividades.

2. Na medida que o permita a súa capacidade económica e técnica, o Concello promoverá espazos de comunicación audiovisual nos que, ademais da información do municipio, se poidan facer debates e consultas aos responsables políticos respecto das cuestións de competencia municipal e de interese local, solicitar a opinión dos diferentes axentes sociais, facer difusión dos actos e procesos de participación cidadá que se produzan.

3. O Concello promoverá a creación de espazos para a instalación de carteleiras, paneis, bandeirolas e similares que, de acordo coas ordenanzas municipais reguladoras desta actividade, permitan a publicidade das actividades de interese local que realizan os diferentes axentes sociais do municipio.

Artigo 16. A páxina web municipal e o correo electrónico cidadán.

1. O Concello poñerá ao dispor da cidadanía unha páxina web onde se poderá informar das actuacións de interese xeral, dos acordos dos órganos de goberno e do Pleno Municipal, así como dar a coñecer a rede asociativa local e a axenda de actividades máis relevantes para o municipio.

2. Esta páxina web informará, co máximo detalle posible, sobre os proxectos de importancia para o municipio. Igualmente poderanse facer consultas e realizar os trámites administrativos mediante os procedementos que se acorden. Impulsarase na páxina web un espazo onde se poidan presentar ideas, opinións, suxestións, sobre temas de interese municipal e similares.

3. O Concello fomentará, así mesmo, o emprego da sinatura electrónica de acordo coas leis e regulamentos que se desenvolvan, dentro do proceso de modernización das Administracións Públicas e o seu achegamento progresivo e continuo á cidadanía.





Artigo 17. Guía de trámites.

O Concello elaborará e manterá actualizada unha guía básica de trámites municipais que se publicará na páxina web municipal e será accesible a toda a cidadanía, para mellorar a información cidadá e a realización de calquera actuación administrativa.

O Concello promoverá a realización de instrumentos de control da calidade, onde se recollan os compromisos municipais respecto dos servizos que presta. O seu contido mínimo indicará os medios de avaliación e seguimento deses compromisos. Facilitaranse instrumentos específicos de participación cidadá nos procesos da súa avaliación.

Artigo 18. Ampliación dos prazos nos procedementos administrativos.

Para facilitar o acceso aos expedientes administrativos e poder exercer eficazmente o dereito de información e proposta, poderanse ampliar os prazos previstos nas normas reguladoras do procedemento administrativo, en casos de especial transcendencia, mediante acordo do órgano competente no mencionado procedemento.

Artigo 19. Sistema de información e comunicación cidadá.

O Concello promoverá a elaboración dun plan de actuación para facilitar e mellorar os sistemas de información, comunicación e consulta no ámbito das súas competencias.

Sección Segunda. O Ficheiro Municipal de Entidades Cidadás

Artigo 20. O Rexistro Municipal de entidades.

1. É o Rexistro no que se inscriben as asociacións que teñan o seu ámbito de actuación principal no municipio.

Así mesmo poderán ter acceso aquelas asociacións e entidades sen ánimo de lucro que dispoñan de delegación propia no municipio. No caso de asociacións que persigan a defensa, promoción ou divulgación dos intereses sectoriais de determinados colectivos de interese público ou social, a vinculación da súa actividade co concello poderá ser substituída pola acreditación da existencia dun número de persoas asociadas no concello non inferior a cinco.

2. O Rexistro ten carácter público e pode ser consultado por calquera persoa interesada. É un rexistro dinámico que trata de coñecer a realidade asociativa do municipio e analiza e estuda a evolución do tecido asociativo para facilitar esa información ao Concello e ás entidades e favorecer unha eficaz política de fomento e mellora da actividade asociativa.





3. O Rexistro ten que permitir coñecer a misión ou obxectivo principal da entidade para facer unha efectiva actividade clasificatoria.

4. A inscrición será inmediata a partir do momento en que se presente no Rexistro municipal un escrito solicitándoo no que se achegará a seguinte documentación:

a) Copia dos estatutos ou normas de funcionamento vixentes.
b) Número de inscrición no Rexistro Nacional, ou no Rexistro autonómico de Asociacións, segundo o caso.

c) Acta ou certificación que acredite a personalidade das persoas membros da Xunta directiva, así como os seus domicilios e teléfonos de contacto.

d) Domicilio e, se é o caso, sede ou sedes sociais;

e) Código de Identificación Fiscal, para as asociacións rexistradas.

f) Certificación do número de persoas socias rexistradas no momento da solicitude.

g) Programa ou memoria anual das súas actividades, con descrición das que se vaian a desenvolver no municipio no caso das que carezan de delegación ou sede social no mesmo.

h) Orzamento anual da entidade.

i) Certificado do número de persoas asociadas con veciñanza no concello no caso das asociacións ou entidades sen delegación ou sede social no concello.

5. No prazo de quince días dende a solicitude de inscrición e salvo que fose necesario proceder a emenda dalgunha documentación ou requisito nos termos marcados na normativa sobre procedemento administrativo, o concello notificará á asociación o seu número de inscrición e clasificación que lle corresponde, considerándose de alta para todos os efectos.

6. As entidades rexistradas no Rexistro deberán notificar ao Concello calquera modificación dos datos incluídos na documentación que servise de base para a inscrición, nun prazo máximo dun mes para contar desde o momento en que se produciu tal modificación. Igualmente, deberán presentar ao Concello cada ano, antes do último día do mes de febreiro, unha memoria das actividades e dos actos realizados no transcurso do ano anterior, o número de persoas asociadas a día 31 de decembro. O incumprimento do previsto neste apartado significará que o Concello considera á entidade rexistrada como inactiva e activará o procedemento que se indica no apartado seguinte para proceder á súa baixa do Rexistro, de oficio.

7. O Concello dará de baixa, de oficio, aquelas asociacións que permanezan inactivas, comunicando esta situación á persoa interesada quen poderá formalizar alegacións nun prazo non superior a 15 días, procedendo inmediatamente á súa baixa no suposto que non se presente ningún tipo de alegación.

Concello de Poio





Sección Terceira. Sistema de defensa e protección dos dereitos cidadáns.

Artigo 21. Sistema de defensa da cidadanía.

1. No marco das competencias do goberno local, os dereitos recoñecidos na Constitución, nas leis e neste Regulamento, serán obxecto de especial protección por parte do Concello, que esixirá as responsabilidades adecuadas ao persoal e ás autoridades municipais que non os respecten ou vulneren o seu exercicio.

CAPÍTULO III. ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN

Artigo 22. Carácter dos órganos de participación.

1. Todos os órganos de participación, teñen un carácter consultivo, de informe preceptivo, de formulación de propostas e suxestións, de acordo e co alcance previsto no artigo 69 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

2. A súa creación deberá ser acordada polo Pleno por maioría absoluta.

Sección Primeira. A Asemblea de Participación Cidadá

Artigo 23. A Asemblea de Participación Cidadá

1. É o órgano de participación desde o que se analizan e coordinan as actuacións que afectan ao conxunto do municipio.

2. As súas funcións principais son debater os plans de actuación xerais, canalizar queixas e suxestións, emitir informes, promover estudos e facer propostas en materia de desenvolvemento económico, local, planificación estratéxica do municipio e grandes proxectos urbanos. A título orientativo sinálanse especificamente as funcións seguintes:

a) Emitir informe sobre os asuntos que lle sexan solicitados pola Alcaldía, o Pleno ou calquera consello municipal de participación.

b) Coñecer e debater o Plan de actuación municipal, as ordenanzas e outras disposicións de carácter xeral.

c) Propoñer a aprobación de disposicións de carácter xeral que seguirán os trámites establecidos no artigo 5.

d) Asesorar ao goberno municipal sobre as grandes liñas da política e xestión municipal.

e) Coñecer os orzamentos municipais e os resultados da súa execución.

f) Propoñer a realización de audiencias públicas de ámbito do concello ou inferior de singular importancia para o conxunto do territorio.





g) Promover a realización de procesos participativos en temas concretos.

h) Propoñer a realización de consultas populares ou referendos ou a convocatoria de consellos cidadáns.

i) Propoñer a realización de estudos sobre temas de interese para o municipio e promover o debate sobre os resultados.

3. Cada ano, a Asemblea de Participación Cidadá debaterá e aprobará un informe das actuacións realizadas durante o período e propoñerá iniciativas para melloralas. Este informe será presentado no Pleno do Concello.

Artigo 24. Composición

1. Será presidido polo alcalde/sa, ou persoa en quen delegue, correspondendo a vicepresidencia á persoa representante da Asociación con máis antigüidade, renovándose no cargo cada catro anos de forma rotatoria. Dito cargo non será compatible coa de concelleiro/a ou representante doutra Administración Pública. O resto das persoas membros da Asemblea de Participación Cidadá son:

a) Dúas persoas representantes de cada Consello Sectorial elixidos de entre as súas persoas membros que non poderán ser membros da Corporación, na primeira sesión constitutiva que celebren tras a renovación da corporación.

b) Un/a concelleiro/a en representación de cada un dos grupos municipais e concelleiros/as non adscritos

c) Persoas en representación das organizacións sociais, sindicais, profesionais e empresariais máis representativas do municipio, nomeadas polo alcalde/sa a proposta propia ou de calquera consello de participación.

d) Dúas persoas representantes do Consello de Participación Veciñal en representación das asociacións de carácter veciñal rexistradas no Ficheiro municipal de entidades, elixidas de entre os e as súas membros polo propio Consello.

A Secretaría da Asemblea corresponderá á persoa titular do posto de Secretaría ou persoa que a substitúa en cada momento.

2. A Asemblea de Participación Veciñal renovará a súa composición cada catro anos con ocasión do inicio do novo mandato corporativo. Para tal efecto, os grupos municipais constituídos e concelleiros/as non adscritos deberán na sesión extraordinaria á que se refire o artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dar conta da súa representación na Asemblea así como o alcalde/sa dar conta da persoa que no seu caso, por delegación, ostentará a súa Presidencia.





Neste caso, a Asemblea realizará sesión extraordinaria constitutiva no mes seguinte ao no que se teña celebrado a devandita sesión plenaria quedando automaticamente convocada para o caso de que non se fixera así polo alcalde/sa para o décimo quinto día hábil ao de realización da sesión extraordinaria plenaria.

Artigo 25. Funcionamento.

1. A Asemblea de Participación Cidadá reunirse dúas veces ao ano en sesión ordinaria, con carácter semestral, previa convocatoria realizada con quince días de antelación de xeito electrónico, na segunda quincena do mes de maio e na segunda quincena do mes de novembro, para os efectos do exercicio das funcións de información, consulta e deliberación respecto do orzamento e do seu grao de execución, do contido do Plan Normativo anual e das principais liñas de actuación municipal para o exercicio (política subvencional, petición de solicitudes de axudas a outras Administracións Públicas, obras e servizos de singular importancia para o conxunto do territorio e fases de información e diagnose de plans e programas de carácter estratéxico).

De xeito extraordinario, a Asemblea realizará sesión con ocasión da renovación da súa composición cada catro anos e tantas veces como sexa convocado pola Alcaldía ou por 1/3 das súas persoas membros para o exercicio das restantes competencias que corresponden á Asemblea.

2. O funcionamento das sesións seguirá as regras establecidas para o Pleno no Regulamento Orgánico Municipal do concello de Poio, con excepción do establecido pola natureza das funcións da propia Asemblea para o réxime de mocións, preguntas e participación cidadá e convocatoria de sesións.

Con tal finalidade:

- A representación de cada Consello Sectorial e de Participación Veciñal deberá designar dúas persoas portavoces.
- As quendas de intervención non poderán superar os tres minutos de duración para cada persoa portavoz.
- En función dos temas a debater abrirá a primeira queda de intervencións o alcalde/sa ou portavoz do grupo municipal proponente da iniciativa, plan ou programa a deliberar e informar.
- A intervención das restantes persoas representantes será acordada na sesión constitutiva que celebre a Asemblea.

Sección Segunda. O Consello de Participación Veciñal

Artigo 26. O Consello de Participación Veciñal





1. O Consello de Participación Veciñal é un órgano de participación na actividade do concello representativo dos intereses de carácter veciñal de cada unha das parroquias do municipio de Poio, establecéndose a este efecto os mecanismos necesarios de información, impulso e seguimento das súas actividades:

a) Solicitar propostas cidadás relativas ao funcionamento dos servizos e equipamentos municipais, no seu ámbito territorial.

b) Informar aos Órganos de Goberno do Concello do funcionamento dos servizos municipais do territorio expondo propostas para o seu mellor funcionamento.

c) Presentar ao Concello, anualmente, un estado de necesidades do territorio, con indicación e selección de prioridades para a súa posible inclusión no Plan de Actuación Municipal.

d) Propoñer ao Pleno Municipal a inclusión dos asuntos que considere convenientes e intervir no mesmo para o seu defensa.

e) Analizar os elementos dos plans anuais de actuación municipal que e afecten de xeito específico a concretos ámbitos territoriais en cada parroquia.

f) Facilitar a maior información e publicidade sobre as actividades e acordos municipais que afecten a cada territorio.

g) Colaborar co Concello na solución dos problemas do territorio e axudar na aplicación de políticas que preveñan situacións de risco, conflitos veciñais e causas de inseguridade e marxinação.

2. Cada ano, o Consello de Participación Veciñal debaterá e aprobará un informe das actuacións realizadas durante o período e propoñerá iniciativas para melloralas. Este informe será presentado perante a Asemblea de Participación Cidadá.

Artigo 27. Composición e funcionamento.

1. Será presidido polo/a alcalde/ sa ou concelleiro en quen delegue e a vicepresidencia deberá recaer en calquera dos membros do consello que non pertenza á corporación.

2. Formarán parte do mesmo as asociacións inscritas no ficheiro municipal de entidades que teñen por obxecto principal segundo os seus estatutos, a promoción dos intereses xerais da veciñanza en cada unha das parroquias así como un representante de cada grupo municipal e concelleiro/a non adscrito.

3. O consello de Participación Veciñal reunirse coa mesma periodicidade que a Asemblea de Participación Cidadá. Para tal efecto e poder elevar as súas propostas a esta última, as súas sesións ordinarias precederán ás da Asemblea e será convocadas con quince días de antelación de xeito electrónico, á súa





realización, na segunda quincena do mes de abril e outubro de cada ano.

De xeito extraordinario, o Consello realizará sesión con ocasión da renovación da corporación e tantas veces como sexa convocado pola Alcaldía ou por 1/3 das súas persoas membros para o exercicio das restantes competencias que lles corresponden.

4. O funcionamento das sesión acomodarse ás regras que se recollen no presente artigo, que serán ratificadas na sesión constitutiva inicial que celebre o Consello. Dita ratificación implica a mera asunción e toma de coñecemento, debendo instar ao Pleno municipal á tramitación e aprobación daquelas modificacións que o Consello consensúe polo voto favorable da maioría absoluta do número de membros que o conforme en cada momento.

Desta forma, o funcionamento ordinario do Consello acomodarse ás seguintes regras:

- Calquera veciño/a poderá elevar a título individual, ata dúas veces ao ano, as iniciativas veciñais que sexan do seu interese, previa presentación de solicitude no rexistro xeral do concello con cando menos 24 horas de antelación á celebración da sesión ordinaria de que se trate. Admitiranse dúas participacións por sesión cunha duración asignada de cinco minutos.

- Para a súa válida realización requirirase a presenza do/a Presidente, Secretario/a e da maioría absoluta do número total de membros que o integren en cada momento, segundo certificación estendida para tal efecto no momento da súa convocatoria. De non acadarse o quórum mínimo de asistencia, en segunda convocatoria, quince minutos máis tarde, será suficiente con que concorran un terzo do seu número total de integrantes

- Adoptará os seus acordos por maioría simple dos/as membros presentes en cada sesión, agás os acordos que teñan por finalidade a modificación da súa composición e/ou regras de funcionamento que deberán ser elevadas á consideración do Pleno pola maioría absoluta do número total de membros que o integren en cada momento.

5. O Consello de Participación Veciñal deberá ser renovado cada catro anos, coincidindo co mandato corporativo, en canto aos representantes do Concello, reflectindo durante o devandito período as altas e baixas que corresponda respecto da participación no mesmo das diferentes asociacións veciñais.

Para tal efecto, realizará sesión extraordinaria constitutiva no mes seguinte ao no que se teña celebrado a indicada sesión plenaria quedando automaticamente convocada para o caso de que non se fixera así pola Alcaldía para o





décimo quinto día hábil ao de realización da sesión extraordinaria plenaria á que se refire o artigo 38 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Sección Terceira. Os Consellos Sectoriais

Artigo 28. Os consellos sectoriais.

1. Son os órganos de participación que canalizan as iniciativas e inquedanzas cidadás en temas concretos de interese para o municipio como, por exemplo, a escola, a cultura, o deporte, o medio ambiente, a mocidade, as mulleres, as persoas maiores, as persoas con diminución, a cooperación e a solidariedade e outros similares.

2. Poderanse constituír a proposta da Alcaldía ou dun 30% das entidades rexistradas no Ficheiro municipal de entidades, a actividade principal das cales estea clasificada dentro do sector en concreto, mediante acordo do Pleno.

3. As disposicións recollidas na presente Sección non resultarán aplicables aos Consellos Municipais da Muller, Cultura, Deporte e Consello Escolar que serán a manter o seu réxime propio de composición, organización e funcionamento.

Artigo 29. Composición e funcionamento.

1. A composición e funcionamento dos consellos sectoriais seguirá as mesmas regras establecidas no presente Regulamento para o Consello de Participación Veciñal cos axustes que en cada caso corresponde levar a cabo no momento da súa creación respecto do réxime de realizacións de sesións en orde a coordinar a súa actuación coa Asemblea de Participación Cidadá e o Consello de Participación Veciñal.

Artigo 30. O Consello de Nenos e Nenas.

1. É un Consello Sectorial con características singulares dada a composición principal dos seus membros. A súa función primordial é incorporar as vivencias da poboación infantil e favorecer a intervención dos mozos e mozas nos debates, propostas, suxestións e queixas respecto de calquera actuación municipal, así como recibir información e opinar sobre todas as actuacións doutras administracións públicas que actúan no municipio.

2. O regulamento do Consello de Nenos e Nenas, que deberá ser aprobado polo Pleno municipal, concretará a súa organización, composición e funcionamento.

Artigo 31. O Consello de equipamento.

Concello de Poio





1. O Concello promoverá a constitución de órganos de participación relacionados coa xestión de equipamentos públicos para facilitar a implicación cidadá na súa programación e funcionamento.

2. Serán presididos polo/a alcalde/sa ou concelleiro/a en quen delegue e a vicepresidencia deberá recaer en calquera das persoas membros do Consello que non pertenza á Corporación.

3. Poderán formar parte as entidades usuarias do equipamento, os responsables técnicos do mesmo, representantes do Consello territorial onde se atope e representantes das persoas usuarias elixidas aleatoriamente. Pódese promover tamén a realización dun rexistro específico de persoas usuarias interesadas en formar parte da Comisión do equipamento, para escoller de maneira aleatoria as que haberían de incorporarse.

4. Regularanse polo regulamento proposto polas persoas membros do Consello e aprobado polo Pleno e haberán de ser renovados cada catro anos

Artigo 32. Comisións específicas

O Consello de Participación, o Consello Territorial ou calquera Consello sectorial ou de equipamento, así como a Alcaldía poderá promover a constitución de Comisións de traballo específicas para intervenir en temas concretos que se caracterizan por ter unha duración temporal determinada. A composición e o funcionamento destas Comisións será concretado no acordo de constitución.

CAPÍTULO IV. Fomento das metodoloxías participativas

Artigo 33. Definición de proceso participativo.

Para os efectos deste Regulamento enténdese por proceso participativo aquel que de maneira integral contempla as fases seguintes:

a) Fase de información, mediante a que se trata de difundir ao conxunto da cidadanía afectada a materia ou proxecto sobre o cal se pretende a participación, utilizando as técnicas metodolóxicas pertinentes.

b) Fase de debate cidadán, mediante o cal, e empregando as metodoloxías axeitadas, se promove o diagnóstico, debate e propostas da cidadanía.

c) Fase de devolución, mediante a que se traslada ás persoas participantes e ao conxunto da cidadanía o resultado do proceso.

Artigo 34. Utilización de metodoloxías participativas.

O programa de actuación municipal preverá cada ano, a proposta da Alcaldía ou da Asemblea de Participación Cidadá, que

Concello de Poio





proyectos se impulsarán mediante estas metodoloxías. Os resultados destes procesos serán recollidos cada ano nunha memoria de avaliación”.

E para que conste e para os efectos previstos no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local, estendo e asino a presente certificación por orde e co visto e prace do Sr. Alcalde.

Poio, na data que figura na sinatura dixital á marxe

Visto e prace

O alcalde

Luciano Sobral Fernández

A secretaria acctal.

Consuelo de la Peña Costoya

